



ACTIVIDADES DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA EN LINGUA INGLESA ENGLISH WEEK 2017

Instrucións de entrada e saída

Cada centro educativo ten asignada unha hora específica á que deberá entrar na actividade. Para a mellor organización da actividade, na seguinte táboa pódense atopar os horarios de entrada e saída das instalacións.

Centro educativo	36004514 CPR Plurilingüe La Inmaculada Marín Pontevedra
Hora de entrada	Domingo 26 de novembro 16:00 a 16:20
Hora de saída	Sábado 2 de decembro 10.00 a 10.20

Debido á situación xeográfica na que está a aldea Os Peares, hai un número moi reducido de espazos para aparcarse, polo que se lles agradece a súa colaboración de antemán e prégaselles que cumpran as seguintes instrucións coa maior exactitude posible para axudar á correcta e rápida recepción do alumnado.

Os representantes legais poderán acompañar o alumnado á entrada por un tempo aproximado de 15-20 minutos como máximo e, transcorrido ese tempo, as familias terán que abandonar as instalacións para permitir a entrada do seguinte grupo de alumnos e alumnas.

Cando cheguen ao recinto, deberán acompañar o seu fillo ou filla xunto coa súa equipaxe ás mesas designadas para o seu rexistro no edificio Aulario. Na entrada atoparán 4 mesas:

- As dúas primeiras son para o rexistro. Todos os alumnos e as alumnas terán que pasar por estas mesas e deberán entregar os documentos orixinais distribuídos polo centro educativo, asinado en todas as follas (agás autorización de abandono da actividade da páxina 6 se non procede), e a tarxeta sanitaria.
- A terceira mesa está dedicada exclusivamente ás cuestións médicas. Aqueles ou aquelas participantes que teñan calquera incidencia médica da que deban informar terán que pasar co seu pai e/ou nai/representante legal por esta mesa para entregar os seus medicamentos e para dar calquera información que consideren relevante para que se atenda do mellor xeito posible o alumnado. É moi importante que os medicamentos estean todos xuntos nunha bolsa identificada cos seguintes datos: nome completo do alumno ou alumna, idade, data de nacemento e as instrucións detalladas de como e cando as ten que tomar. Ademais, a persoa que estará a cargo desta mesa tomará nota de todas as especificacións do tratamento e farase cargo de subministrarllo ao alumno/a nos horarios que se indiquen. Por favor, prégame a maior especificación posible sobre os medicamentos e/ou doenzas dos alumnos e alumnas.
- A cuarta mesa ocupárase de resolver as incidencias e a ela deberá acudir aqueles alumnos e alumnas que non estea nas listaxes pero que fose confirmado ou que teñan calquera problema administrativo.

O alumnado recibirá un adhesivo cos seguintes datos: nome completo, número de grupo, número de cuarto, nº de aula, nome do profesor ou profesora e nome do seu monitor ou monitora. Deberá levar este adhesivo nun lugar visible para a súa rápida identificación.

Unha vez finalizado o proceso de rexistro, o alumnado deberá dirixirse á aula que indica o adhesivo para reunirse co seu profesor ou profesora e co resto dos compañeiros do grupo e as familias e os acompañantes deberán abandonar as instalacións.



A hora máxima á que poderá chegar o alumnado o día da entrada é ás 21:00 h. Pasada esta hora deberán traer o alumnado ao día seguinte e deberán comunicalo previamente. Aqueles alumnos e alumnas que, por motivos alleos á organización da actividade, teñan que chegar despois das 18:00 h do día 26 de novembro ou teñan que ser recollidos antes das 10:00 h do día 2 de decembro deberán comunicalo co día e a hora exactos nos que se presentarán na actividade. *Ver instrucións sobre entrada e saída no apartado 6 do Briefing.*

Enderezo:

Os Peares, Pena, Carballeda, Lugo.

Para Google maps: 27533 A Pena, Lugo, Galicia

Coordenadas: 42.4629315,-7.7250365